Ensino Concertado

infórmaTE

www.ccooensino.gal

CCOO ensino

DECEMBRO 2019 - CCOO SUBSCRIBE O ACORDO DE SAÍDAS

Este xoves 19 de decembro CCOO subscribiu , unha vez realizadas as consultas no seo da organización, o acordo que regula as saídas de máis dun día de duración. Tendo en conta que ata o de agora non existía ningún tipo de regulación, valoramos positivamente algúns aspectos:

- Por primeira vez regúlase unha actividade que se viña realizando sen ningún tipo de cobertura económica ou xurídica.
- Regúlase, expresa e destacadamente, que estas actividades son de realización **voluntaria**, terminando coa indefinición existente ata o de agora.
- Respéctanse obrigatoriamente os descansos diario e semanal establecidos legalmente. Desta maneira obrígase ao organizador das saídas a prever durante estes períodos a cobertura necesaria do alumnado.
- Establécese, por primeira vez, o abono dunhas cantidades diarias como compensación do exceso de traballo que se realiza nestas actividades. Estas cantidades non quedarán conxeladas ao revisarse co IPC anual. Independentemente das cantidades anteriores, o centro correrá con todos os gastos do persoal que participe nas saídas.
- Regúlase o posible exceso de horas que se poida realizar sobre a xornada ordinaria, establecendo un volume de 72 horas ao que se irán imputando:
    - 8 horas diarias por cada día de actividade, se esta actividade coincide cun día non lectivo a efectos escolares e días sen presenza obrigatoria das persoas traballadoras. En caso de coincidir con días laborables imputaranse neste volume de 72 horas os excesos que se poidan realizar entre as horas de traballo do calendario laboral ordinario e as 8 horas establecidas no acordo. O resto computará aos mesmos efectos que se se realizaron no centro. Isto é válido para o persoal contratado a tempo completo ou a tempo parcial e para as horas lectivas e as non lectivas, no caso dos docentes.
- Protéxense as condicións superiores que se puidesen pactar nos centros.
- Obrígase a contratar un seguro de responsabilidade civil ás empresas, así como a considerar calquera sinistro como accidente laboral.

As persoas traballadoras que participen nestas saídas percibirán un complemento salarial por cada día de saída, cuxas contías serán:

- 50 euros por cada día lectivo ou laborable non lectivo de presenza obrigatoria no centro que coincida coa saída.
- 80 euros por cada día non lectivo ou laborable de non presencia no centro, incluído os sábados, que coincida cunha saída de carácter nacional.
- 90 euros por cada día non lectivo ou laborable de non presencia no centro, incluído os sábados, que coincida cunha saída de carácter internacional.

O Acordo pode supoñer un desenvolvemento práctico que ocasione algunha dificultade, aínda que CCOO estará vixiante como o fixo co control do Rexistro Horario. Estes problemas débense á inoperancia das organizacións sindicais maioritarias do sector, que tiveron case 6 anos para cumprir o encargo da Disp. Trans. 5ª do VI convenio de proceder á “adecuación e, no seu caso, modificación, da xornada laboral do persoal docente”: 6 anos perdidos.

CCOO afrontou esta negociación con propostas positivas, aínda que non se puideron resolver algúns problemas endémicos, enquistados polo deixamento dos que se denominan “maioritarios”. Será prioritario resolvelos na negociación do VII Convenio a partir de xaneiro de 2020.

Santiago de Compostela
Rúa Miguel Ferro Caaveiro,8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol
Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo
Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense
Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra
Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo
Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco
Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte
Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es